

Á Mesa da Comisión 7ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos casos de falsos positivos en tuberculose e positivos confirmados que se están a producir nas probas para o control sanitario do gando vacún, así como o baremo utilizado para indemnizar os gandeiros e gandeiras (doc. núm. 29446).

Emenda de modificación

Os puntos 1 e 2 da parte resolutiva da iniciativa quedarán integrados nun único punto, e terá o seguinte contido:

1. Redactar un novo protocolo de actuación máis eficaz para mellorar os controis da tuberculose, co fin de reducir o número de animais sacrificados que non son confirmados como positivos.

Emenda de modificación

Proponse un novo texto para o punto 3, que terá o seguinte contido:

3. No caso que se confirmen casos positivos, o sacrificio será valorado polos técnicos da Administración competentes na materia.

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2018 13:02:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 13:06
Nº Rexistro: 33145
Data envío: 04/07/2018 13:06:40.484



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2018 13:02:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a investigación no ámbito gandeiro e incrementar a formación dos gandeiros, así como a renovación do convenio asinado con Xenética Fontao, S. A. para o desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza frisona galega (doc. núm. 31810).

Emenda de adición

No punto 1 da parte resolutiva da iniciativa despois de: “... investigación ...”, débese engadir o seguinte texto: “... incrementando a súa dotación orzamentaria, polo menos nun 50 %, ...”

Emenda de adición

No punto 2 da parte resolutiva da iniciativa débese engadir *in fine* o seguinte texto: “... , e actualizar os cursos que se ofertan nos centros de formación e experimentación agroforestal para tratar de facelos máis personalizados e adaptados ás novas demandas e realidades do rural, como son, entre outras, a agricultura e gandería ecolóxicas.

Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 3 da parte resolutiva da iniciativa

3. Renovar o convenio con Xenética Fontao, S.A. para o plan de mellora xenética para o Frisón de Galicia aumentando, polo menos nun 50 %, a dotación orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, e crear as sinerxias necesarias coas universidades galegas, para mellorar a calidade investigadora e formativa.



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2018 13:03:20

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2018 13:03:29

**Á MESA DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e a través do seu voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, núm. 31810 (10/PNC-002585), incluída na orde do día da devandita Comisión, que se celebrará o 5 de xullo de 2018, ás 10.30 horas.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“4. Cubrir para o vindeiro curso 2018-2019 as 11 prazas vacantes de persoal investigador cas que conta o CIAM de Mabegondo hoxe en día, para garantir así o correcto funcionamento do centro.”

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/07/2018 16:30:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 16:31
Nº Rexistro: 33151
Data envío: 04/07/2018 16:31:45.984



Luis Villares Naveira na data 04/07/2018 16:30:47